A Cámara pide que o comercio local poida abrir o 7 de xaneiro

Ferrol 05/11/2010. A Cámara de Comercio, segundo o acordo adoptado polo seu comité executivo, dirixiuse ao Concello de Ferrol para instarlle a que tramite a solicitude que permita aos establecementos comerciais da cidade abrir o día 7 de xaneiro, festividade de San Xiao.

O pasado 15 de outubro a Consellería de Innovación e Industria publicou no *Diario Oficial de Galicia* a orde pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura no ano 2011.

A dita orde permite aos comercios abrir os domingos 2 e 9 de xaneiro; o 19 de marzo, día de San Xosé; o 3 de xullo, primeiro domingo tras a apertura oficial das rebaixas de verán, e os días 4, 8, 11 e 18 de decembro do vindeiro ano.

Pero, con independencia disto, calquera concello pode solicitar, antes do 15 de novembro, a modificación dunha ou dúas destas datas para o seu termo municipal. Recibida esta solicitude, a administración autonómica terá que resolvela nun prazo máximo de 15 días e publicar, antes do 15 de decembro, os cambios que decida aprobar.

A Cámara entende que o Concello de Ferrol debe realizar este trámite para permitir que na festa local de San Xiao, que coincide co inicio das rebaixas de inverno, todos os comerciantes poidan abrir ao público.

Para a entidade cameral trátase de que, nunha data na que os establecementos retallistas rexistran, tradicionalmente, un incremento importante nas vendas, o comercio da cidade teña as mesmas oportunidades de achegar a súa oferta aos potenciais clientes que o dos concellos limítrofes e o de cidades como A Coruña que son a súa competencia directa .

Dpto. Comunicación
Cámara de Comercio de Ferrol
Tlf.. 981 333165 –Fax: 981 333096
e-mail: prensa@camaraferrol.org